



FERVENZAS DE TOQUES

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: Toques (Souto)- San Antoniño: 4 km
Toques (Souto)-Brañas: 4,5 km

Dificultade: baixa

Duración: 2 horas



Fervenza de Brañas desde abaixo.

Fervenza de Brañas

Parroquia de Brañas, no concello de Toques.

O río Salgueira, unha das cabeceiras do Furelos, afluente do Ulla, forma unha fervenza duns 30 m de altura ao caer nun desnivel de gneis de fronte ampla e perfil inclinado. Nos arredores hai un bo bosque de ribeira, carballos, castiñeiros e loureiros.

COMO CHEGAR:

Cóllese a estrada de Toques a Friol e Sobrado (por Brañas) da que, 2,5 km máis adiante, sae unha pista á dereita que vai a Brañas e pasa a carón da fervenza.

Río Pedriña

Ao pé do mosteiro de San Antoniño de Toques.

COMO CHEGAR

Desde Toques cóllese a estrada en dirección a Melide e un pouco máis adiante un cruce que vai a San Antoniño de Toques. As fervenzas atópanse a carón do mosteiro.

